



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE PEON DE OBRA PUBLICA (CONTRATO DE FORMACIÓN E APRENDIZAXE FORMACION DUAL).

DECRETO

Decreto de Alcaldía –Presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar a convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

Dada a convocatoria por parte da Consellería de Traballo e Benestar de varias axudas orientadas a facilitar a posta en marcha de iniciativas encamiñadas á formación dual, concretamente a Orde do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública, no ámbito da CCAA de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe e regulados no Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación dual.

Dado que o Concello de Rois valora positivamente todo o anterior e paralelamente precisa de persoal para poder atender labores de pequenas reparacions e limpeza, este concello oferta os seguintes postos quedando supeditadas as contatacións derivadas deste procedemento selectivo á obtención das subvencións citadas tanto para os contratos de formación e aprendizaxe como para a formación asociada aos mesmos.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14-C do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto.-


Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de 7 aprendices de peon de obra publica

Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.


Rois, 2 de outubro de 2015

O alcalde,


Ramón Tojo Lens



O secretario,


Diego Losada Romero



BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SETE APRENDICES PEON DE OBRA PÚBLICA.

1. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é a contratación de sete persoas mediante un contrato de aprendizaxe e formación (formación dual) .

Á presente convocatoria daráselle publicidade na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

2. DURACIÓN DO CONTRATO

Do 15 de novembro de 2015 ao 14 de novembro de 2016

3. NÚMERO DE PRAZAS

Sete

4. HORARIO DE TRABALLO

Oito horas diarias de 07,45 a 15,15 horas.

5. SALARIO

Non concreto.

6. RÉXIME XURÍDICO

A relación entre a persoa seleccionada e o Concello rexeráse en todos os seus aspectos polas normas de dereito laboral e, expresamente, pola normativa aplicable ao contrato que se formalice (contrato de formación e aprendizaxe de 40 horas semanais 56,67% de traballo profesional e 43,33% destinadas a formación.

7. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

-Ter nacionalidade española ou cidadanía da UE e idade comprendidas entre os 16 e os 30 anos.



CONCELLO DE ROIS

de 40 horas semanais 56,67% de traballo profesional e 43,33% destinadas a formación.

7. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

- Ter nacionalidade española ou cidadanía da UE e idade comprendidas entre os 16 e os 30 anos.
- Non padecer ningunha enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o desempeño do posto de traballo.
- Non estar sometido a expediente disciplinario en calquera administración pública.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/84, de 26 de decembro, de non incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Deberán reunir os requisitos establecidos na normativa de aplicación para formalizar un contrato de formación e aprendizaxe, carecer de experiencia profesional igual ou superior á que adquiriran no desenvolvemento do proxecto de formación dual (Operacións auxiliares de albanelería de fabricas e cubertas- carpintería de mobles e actividades auxiliares en viveiros e centros de xardíns) de nivel 1.
- Dispoñer dos requisitos mínimos de acceso á formación.

8. PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS

As instancias para tomar parte na presente convocatoria dirixiranse á alcaldía-presidencia, de acordo co modelo que figura nas dependencias municipais.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral da corporación e de conformidade cos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo de 4 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web que rematará o 7 outubro ás 14:30 h. .

Non obstante, cando os sobres non se presenten directamente no rexistro da corporación, o concursante deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (para este suposto) ou mediante selo de entrada (no caso de presentarse vía rexistro doutra administración, cando tal fose admisible), e, ao tempo, anunciarlle ao Concello a remisión da súa solicitude mediante télex, fax ou telegrama do mesmo día. Sen tales requisitos non será admitida ningunha solicitude presentada fóra de prazo.

Coa instancia achegarase copia compulsada do DNI, o título esixido, o certificado ou o boletín académico e a documentación a avaliar na fase de concurso.



As presente bases, unha vez aprobadas pola presidencia do Concello ou pola Xunta de Goberno Local delegada, expóranse ao público durante o prazo para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De se presentaren reclamacións ás bases, que non suspenderán o prazo para a remisión de solicitudes para participar no concurso, a selección demorarase ata a resolución das mesmas.

De ser aceptada ou aceptadas algunha das suxestións formuladas abrírase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poña fin ao procedemento.

10. SELECCIÓN

A selección dos aspirantes farase mediante unha entrevista curricular na que se avaliara aos aspirantes de acordo cos seguintes criterios de selección.

-Meritos: ata catro puntos.

-Parados de longa duración (0,25 puntos polos doce primeiros meses ; a partir de 12 meses, 0,25 por cada mes completo . Puntuación máxima 0,75 puntos), para xustificar este mérito hai que achegar informe do Inem do tempo desempleado.

-Persoas a cargo (0,25 por cada menor de 30 anos), para alegar este mérito as persoas deberán achegar o libro de familia e certificado dos membros da unidade familiar que conviven no domicilio.

-Percepción de prestación por desemprego, 0,25 puntos.

-Percepción de subsidio por desemprego, 0,50 puntos .

-Non percepción de axudas ou prestacións, 1,25 puntos.

Deberase achegar certificado de ser ou non beneficiario de prestacións por desemprego.

-Formación académica (declaración xurada do alumno traballador)

Sen título universitario ou FP de grado superior ,0,25 puntos.

Con título universitario ou FP grado superior, 0 puntos.

-Coñecemento do termo municipal: ata 2 puntos.

-Suposto practico e oral sobre as funcións a desenvolver: ata 2 puntos.

-Proba práctica relacionada coas funcións a desenvolver: ata 2 puntos



CONCELLO DE ROIS

En todo caso os méritos deberán ser acreditados mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

11. ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo dunha semana, que se publicará no taboleiro de anuncios da corporación e na páxina web do Concello, indicando a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e as causas de exclusión.

Os aspirantes disporán dun prazo máximo de tres días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da resolución para reparar o defecto. No suposto de non presentárense reclamacións, as listaxes provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos fixará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora de inicio da entrevista e poralle fin á vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase no taboleiro de anuncios.

13. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O órgano de selección será colexiado, e como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución de alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que lles será esixible a todos individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan na materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e entenderase, así mesmo, a paridade entre muller e home. Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal eventual non poderán formar parte dos mesmos. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación a ninguén.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 notificándollo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.



CONCELLO DE ROIS

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir en aplicación das presentes bases.

Rexerase no que respecta á súa constitución a formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se poidan formular.

14. RESOLUCIÓN

Finalizada a selección, o tribunal fará público no taboleiro a resolución final dos que superen o proceso selectivo indicando a pertinente orde de prelación, poñendo de manifesto que aspirantes integran a bolsa de traballo.

15. CONTRATACIÓN

O tribunal elevará á alcaldía a proposta de contrato a favor do aspirante de maior puntuación debendo este incorporarse ao posto de traballo no prazo de cinco días naturais seguintes a aquel en que sexa requirido.

Dilixencia para facer constar as presentes bases foron aprobadas por resolución de Alcaldía de data 2 de outubro de 2015 constan de 6 páxinas en papel timbrado municipal e seladas por Secretaría.

Secretario.

Diego Losada Romero.